

## **DECLARACIÓN INSTITUCIONAL**

Os grupos políticos que conforman a Corporación provincial da Coruña valoran de forma positiva o alto o fogo permanente anunciado por ETA e subliñan que se abre un tempo de esperanza para a erradicación do terrorismo no Estado Español, en xeral, e na Comunidade Autónoma Vasca en particular.

A Corporación provincial considera que a cautela, a moderación e a responsabilidade han de presidir a actuación dos partidos políticos e do conxunto da sociedade. A unidade de todas as forzas políticas democráticas é, agora máis ca nunca, imprescindible para alcanzar a paz durante tantos anos anhelada polo pobo español.

É tamén o momento de recordar ás vítimas, de expresarlles todo o noso apoio, pois elas máis ca ninguén sufriron a gadoupada da acción terrorista de ETA.

Nun momento transcendental coma este, no que se albisca o principio do fin de ETA, é preciso dar os pasos adecuados, dentro do ámbito da lei e a Constitución, para garantir que no proceso iniciado nos conduzan indefectibelmente ao final da violencia.